

## @S FUTBOLISTAS DAS MANIOTAS.

Os equipos de pais e nais de Santa M<sup>a</sup> protagonistas do Marathon de fútbol sala de Abrente.

O sábado 18 de abril podería ter sido un sábado calquera en As Pontes. Nada facía pensar que se tratase dun día especial.

No pobo cruzábase con pais e nais cargando con bolsas como calquera mañá de sábado, con moitos aproveitando para ir de compras, cadrando ademais cun día de mercado.

Nembargantes unha ollada a esas bolsas indicaba a especificidade desa data. Eran bolsas de deporte as que levaban os pais e nais ós que lles chegara a hora, como viñan facendo unha vez ó ano, dende había xa catro, de coller o relevo dos fillos e sairen á pista a xogar a fútbol sala.

Fillos e fillas que desta vez podían presenciar os partidos sentados tranquilamente nas gradas dun pavillón municipal ateigado para seguir as evolucións duns pais tan esforzados como voluntariosos.

Pero para chegar a ese día houbo que superar moita preguiza de volver poñer en marcha unhas máquinas moito tempo paradas.

A ilusión, que todo o pode, obrou a milagre, e dende había xa cando menos un par de meses os abnegados futbolistas adicábanse a prepararse para esta cita.

Descubriran así que o darlle mellor ou peor á pelota era o menos importante naquela actividade que lles permitía compartir experiencias con outros pais e nais cos que cada día estaban afeitos a tan só intercambiar fríos saídos á hora de recolleren ós nenos e nenas no colexio.

Chegada a hora da verdade, todos se esforzaron en acadar os mellores resultados para a camiseta que defendían, e ninguén escatimou esforzos, pero todos e cada un foron vencedores ó facer posible un espectáculo que creou unha expectación que non é quen de espertar actualmente ningunha outra cita no pavillón de deportes pontés.



Capítulo aparte merecen as nais, das que a maioría proceden de xeracións nas que as mulleres apenas se tiñan acceso ó deporte, e case ningunha tivera experiencia denantes con esta modalidade do fútbol sala.

Nin isto as botou para atrás, e se nos homes ten un grande mérito o formaren e conxuntaren equipos que logo renden nun torneo tan

esixente, con esa sucesión de partidos en 36 horas, o da competición feminina ten unha lectura raiando na heroicidade.

Porque se un home podía levar anos sen enfundarse unha botas de fútbol sala, moitas mulleres non o fixeran xamais. Para que as cousas estivesen equilibradas canto ó nivel de esixencia que supón esta competición canto ós dous sexos, os homes terían que competir nalgo como a ximnasia rítmica, e poderían entender así a dificultade de disputar públicamente unha contenda nun deporte ó que nunca se asomaran tan sequera.

Outra das chaves do éxito do marathon adulto de Abrente é o sentido de pertenza de tódolos participantes a un mesmo colectivo. Por riba da rivalidade que impera dende que soa o chifre, e o balón bota a rodar, todos e todas son do mesmo equipo, porque son os propios pais e nais os que o organizan a traveso da cordenadora de Anpas.

Isto fai que cada quen se sinta participe do éxito común que supón amosar a capacidade de mobilización dunha sociedade pontesa tantas veces tildada inxustamente de apática.

E logo están os nenos e nenas que son os que senten as cores. Se os berros de ánimo dende a grada son o alento de calquera deportista, ¿que pai non deixaría os pulmóns satisfeito se é o seu propio fillo ou filla o que está a corear fachendoso o nome do colexio que lle toca agora ós proxenitores defender?

Nun caso así non hai Madrid nin Barça, nin Celta ou Depor que vallan. ¿Que mellor prima pode ter un pai que o sorriso

dun fillo fachendoso na bancada?

Anque logo haxa que aguantar os seu reproches, ó non entender, dende a súa xuventude que non chegaras a aquel balón, ou meteras mal a testa naquel despexe.

Son os papeis trocados que nos fan coñecer e entender mellos ós nosos vástagos ó ter por unha vez a ocasión de poñernos no seu papel, e sobre todo cunha oportunidade única de darmos un exemplo moi directo da grandeza do deporte como elemento aglutinador e formador.

Sempre con algunha excepción que queda en anecdótica, e que resulta inevitable no que non deixa de ser unha competición, a sensación xeral que se transmite é de camaradería entre os diferentes equipos, que comparten un espazo de diversión asumindo o protagonismo por unha soa fin de semana.

Este ano mesmo a organización tivo o acerto de vestir a tódolos equipos por igual, coa mesma lenda ás costas, na que figuraba o nome de Abrente, deixando así ben claro que todos estaban no mesmo equipo, anque logo as cores que vestían foran diferentes.

Ademais mesmo os equipos que quedaron fóra das semifinais se enfrontaron entre eles nun partido de consolación que lles permitiu participar tamén da xornada final do domingo.



Ó final o balanço fala dun auténtico espectáculo que foi posible grazas a que unha nai ou un pai de Monte Caxado se ergueu á mesma hora có de Pardo Bazán e o de A Barosa, pero non para ir a distintos colexios, con distintos horarios. Desta vez tiñan unha mesma cita, en un mesmo lugar.

Unha cita co deporte como actividade propia, a pé de pista, e cos seus fillos, pero desta vez eran os pequenos os que estaban do outro lado do valado.

Fóra do tópico de dicir que todos gañaron teremos que recorrer ós datos para avalalo, e para iso está a proba de que tódolos colexios sairon a celebrar o seu resultado levaran un trofeo, outro ou ningún. Pero como se xogaron semifinais e finais pois hai que salientar que houbo un cadro final, e aí atopamos ó noso colexio, a Santa M<sup>a</sup>, que resultou vencedor nas dúas categorías, en masculino e feminino.

Anque o luns as caras de satisfacción dos vencedores podiamolas atopar en tódolos colexios nuns pais e nais reventados, pero satisfeitos de ter saído airosos dunha dura proba que crea adicción. De feito, aínda coas maniotas a costas, non son poucos os que

deciden seguir cos adestramentos co único obxectivo de seguirse xuntando e seguir facendo comunidade escolar deste xeito.

Dende aquí felicitar a toda a comunidade escolar de Santa M<sup>a</sup>, da que como membro me sentín tremendamente fachendoso polo exquisito comportamento de todos e cada un, xogadores, e xogadoras, técnicos, e seguidores, nos que os goles distaron moito de ser os seus mellores logros.

E permitídemme tamén felicitar ós auténticos beneficiados deste marathon de Abrente, fisioterapeutas e farmacéuticos, ós que nestes tempos de crise lles viñemos como auga de maio.

Agora queda por diante un ano para prometernos que este ano si, que desta vez nos prepararemos de verdade, que hai que ser máis regulares. E cando nos decatemos xa estará aí a quinta edición do marathon de Abrente no que non teño ningunha dúbida de que Santa M<sup>a</sup> volverá sair gañadora, anque o de gañar os partidos, ou un trofeo iso xa é outra historia, en todo caso secundaria.

XOSE CENDÁN